

Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

APELIDOS E NOME

DO ALUMNO/A: _____

Por favor, lea atentamente a seguinte información sobre:

1. a notificación das ausencias do profesorado
2. o control e notificación das faltas de asistencia do alumnado menor de idade
3. o calendario de exames

e asine a declaración ao dorso.

NOTIFICACIÓN DAS AUSENCIAS DO PROFESORADO

As ausencias **previstas** do profesorado débense consultar no apartado **CLASES CANCELADAS** na web da EOI http://www.edu.xunta.es/centros/eoidesantiago/clases_canceladas.

Cando a ausencia do profesorado é motivada por unha causa **imprevista**, notificarase esta incidencia mediante chamada telefónica aos pais/nais ou titores/as, á maior brevidade posible.

CONTROL E NOTIFICACIÓN DAS FALTAS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

As faltas de asistencia do alumnado menor ás actividades lectivas rexístranse na plataforma CentrosNET, e pódense consultar na web da EOI:

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/CentrosNET>).

Para acceder debe consignar:

Usuario: nº de expediente (carné da EOI do/a alumno/a) OU data de nacemento dd/mm/aa.

Contrasinal: nº do DNI/NIE do/a alumno/a (sen letra final)

Contrasinal persoal do alumno/a: elixida por cada alumno/a

Ademais, se o alumnado menor quixera abandonar o centro antes do remate da súa clase, unha persoa menor de idade precisa autorización por escrito asinada polo seu pai/nai/titor legal.

De non presentar esta autorización, trataranse como faltas de asistencia:

- as ocasións nas que o alumnado se incorpore a clase cun retraso de 30 minutos (ou máis)
- as ocasións nas que o alumnado abandone a clase 30 min (ou máis) antes de rematar

CALENDARIO DE EXAMES

Durante as probas finais de promoción dos cursos intensivos do primeiro cuadrimestre, os exames poderán rematar antes da hora fixada para o fin da clase, e algúns deses días o seu fillo/a ou titorando/a non terá clase por ser o exame oral do resto do alumnado do grupo.

Poderá consultar con detalle o as datas de exame poñéndose en contacto co profesor/a.

O calendario de exames **de maio/xuño** publicárase con antecendencia en:

<http://www.eoisantiago.org/calendario>.

No calendario poderán consultar as datas das probas escritas e orais dos de todos os cursos e idiomas. **O comezo dos exames supón o remate das clases.**

Por favor, complete a declaración ao dorso →

Don/a: _____,
con enderezo de correo electrónico* _____
e número de teléfono* _____, pai/nai ou titor/a do/a alumno/a

DECLARO QUE ME DOU POR INFORMADO/A do proceso que se seguirá para informar das ausencias do profesorado, de notificación das faltas do/a menor ao meu cargo, e dos calendarios de probas finais, e **COMPROMÉTOME** consultar a información na plataforma CentrosNET.

_____, a _____ de _____ de 2024

Sinatura:

*(*Por favor, indique un teléfono e correo-e actualizados, e comunique ao centro calquera cambio nos mesmos).*

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Finalidades do tratamento

Os datos persoais facilitados a través do presente formulario, así como aqueles outros que poidan recadarse no proceso de matriculación ou no desenvolvemento do curso académico, serán tratados coa finalidade de xestionar a actividade educativa e orientadora e a avaliación do alumnado, e formarán parte do expediente académico de cada alumno/a conservándose de forma indefinida con fins de arquivo.

Os datos relativos a categorías especiais detallados no artigo 9.1 do Regulamento xeral de protección de datos que poidan recollese serán tratados tamén, no seu caso, para o exercicio da función educativa e orientadora e conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron.

Lexitimación para o tratamento

Cumprimento obrigación legal e dunha misión realizada en interese público con base no disposto na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Para a recollida e tratamento de datos non amparados polas referidas disposicións solicitarase a autorización previa do alumnado ou no seu caso dos seus pais/nais/ tutores/as, como, por exemplo, no caso do tratamento de imaxes para aquelas finalidades que non sexan estritamente necesarias dentro da actividade educativa.

Destinatarios/as dos datos

Administracións públicas locais, estatais e autonómicas cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias. Poderanse comunicar así mesmo os datos persoais imprescindibles ás empresas subministradoras de servizos no centro.

Exercicio dos dereitos

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Contacto delegado/a protección de datos e información adicional

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>